

INFORME SOBRE ESTUDO IMPACTO AMBIENTAL E PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO

Solicitante: xefe de servizo de Enerxía e Minas da xefatura territorial da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Coruña

Proxecto: Parque Eólico Legre

Clave: IN408A 2020/097

FEITOS

- 1 O servizo de Enerxía e Minas recibe solicitude do promotor Green Capital Power SL para a instalación dun proxecto nos concellos de Mesía e Oza-Cesuras.
- 2 O 28.07.2022 (registro núm. 2022/1586847) se recibe escrito no que se solicita á Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural informe de acordo co artigo 37.2 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1 Este servizo examinou a documentación facilitada para o expediente :
 - Estudo de Impacto Ambiental (EIA) outubro 2021-asinado 30/03/2022)
 - Proxecto de Interese Autonómico (PIA) (xaneiro 2022-visado 24/01/2022)
 - Documentación complementaria: Plano do Parque Eólico Arquivo Shape
- 2 E tamén a que consta nos nosos arquivos comprobándose que a poligonal, viarios de acceso e/ou as infraestruturas do parque eólico afectan a zonas de concentración parcelaria (ZCP) en diferentes fases (rematadas ou en execución)
- 3 As ZCP rematadas:
 - San Miguel de Filgueira de Traba (Oza-Cesuras - A Coruña)
 - San Cristovo de Mesía (Mesía - A Coruña)
 - Santiago de Bascoi (Mesía - A Coruña)
 - Santa María de Dordaño (Oza-Cesuras - A Coruña)
 - San Martiño de Cabrui (Mesía - A Coruña)
 - Albixoi- Lanza (Mesía - A Coruña).





- San Sebastián de Castro e Santa María de Cumbraos (Mesía - A Coruña)
- San Salvador de Xanceda (Mesía- A Coruña)

4 As ZCP en execución:

- San Pedro de Borrifáns (Oza-Cesuras- A Coruña)
 - Decreto 133/1991 do 12.04.1991 (DOG núm. 81 de 29.04.1991)
 - Resolución de Acordo aprobado (pendente de firmeza), do 24.04.2012 (DOG núm. 90 do 11.05.2012)
 - Toma de posesión provisional a partir do 01.08.2014

A día de hoxe as redes de camiños principais e secundarios están executadas e operativas e as infraestruturas do parque eólico afectan a ZCP.

- Xanceda-Mesía II (Mesía- A Coruña)
 - Decreto 249/1995 do 07.09.1995 (DOG núm. 183 de 22.09.1995)
 - Resolución de Acordo aprobado (pendente de firmeza) do 13.09.2011 (DOG núm. 198 de 17.10.2011)
 - Toma de posesión provisional a partir do 25.04.2013 (DOG núm. 93 do 16.05.2013)

A día de hoxe as redes de camiños principais e secundarios están executadas e operativas e só a poligonal afecta a ZCP.

- 5 As fases do procedemento de reestruturación parcelaria son: bases, acordo e acta de reorganización. A aprobación final da mesma pola dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural pon fin ó proceso (zonas denominadas como rematadas) e sobre as que non é preciso sinalar nada de acordo a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial de Galicia.
- 6 Sen embargo, para as zonas que están en proceso de reestruturación parcelaria (zonas denominadas en execución) e de acordo artigo 68.2, dende o día seguinte a publicación do decreto para calquera obra ou mellora que se realice se solicitará a autorización previa do servizo provincial competente.
- 7 De acordo o Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, o órgano competente para a emisión do informe preceptivo é a Xefatura de Servizo de Infraestruturas da Coruña





INFORME

Este servizo informa **favorablemente** aínda que deberá **terse en conta** o seguinte para as **ZCP en execución**:

- 1 No seu procedemento deberá ter en conta tanto a cartografía como a titularidade das fincas do acordo (que non se corresponde cos titulares catastrais actuais).
- 2 Calquera actuación por parte do promotor non pode deixar se acceso a ningunha predio de substitución, vixiar especialmente as canalizacións soterradas a construír porque a súa presenza inadecuada podería deixar sen acceso viable ás parcelas de ZCP.
- 3 Os trazados novos e as interseccións cos xa executados na ZCP permitirán a circulación de vehículos, maquinaria agrícola e/ou animais con normalidade.
- 4 Unha vez executados os viarios e plataformas terase en conta que os camiños principais e secundarios quedarán operativos e nas condicións mínimas nas que se executaron segundo proxecto da ZCP.

Anexo: Plano coa localización das ZCP afectadas polo proxecto

A Coruña, na data da súa sinatura dixital

A xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias
M^a Belén Mosquera Val

